

VERSOS CON SABOR A SALITRE



Prosegue felizmente o fenómeno de extensión na poesía galega contemporánea dos motivos temáticos relacionados, dun xeito ou doutro, co mar. Desde os pioneiros textos que nese sentido achegaron na preguerra autores como Vitoriano Taibo, López Abente e, sobre todo, Manuel Antonio, moito salseiro e moita onda teñen entrado a cachón polas praias da poesía nosa adiante, especialmente na última década. A esta corrente de fondo, que os namorados da cultura marítima non podemos senón saudar con satisfacción, engádense tres novos poemarios que pasamos a presentar brevemente.



NO CANTO DO MAR

Xabier Paz
Eds. Espiral Maior
Col. Poesía, nº 154, 2005.

Autor doutros poemarios como *Sedimentos*, *Filoxenia do sangue* e o recentísimo *Materia de Lucrecio*, o biólogo e investigador do Instituto Oceanográfico de Vigo Xabier Paz (A Coruña, 1949) reúne en *No canto do mar* cincuenta e catro poemas escritos durante a travesía realizada a


bordo dun bacalloeiro galego polos mares de Terranova entre 1999 e 2002, experiencia que plasmou tamén, desde outras perspectiva, no volume *Follas de Bacallau*, do que deu nova Lino Prieto nesta mesma sección no terceiro número de *Ardentía*.

Salferido de citacións de grandes poetas do mar (Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Xohana Torres, Manuel Antonio, etc.), prologado por Chus Rodríguez Fernández e con capa de Marta Núñez, o libro que nos ocupa complétase cun "Epílogo Negro" formado por catro poemas arredor da catástrofe do 'Prestige'.

O ámbito oceánico (*sin marcos nin camiños*) e a condición de navegante danlle ao autor oportunidade para a reflexión autoexploratoria, para a evocación e o balanço vitais, para a expresión de nostalxias varias (*as nosas singraduras de horas murchas*) e para a evidenciación dun profundo desencanto, derivado da constatación de moitas derrotas e naufraxios de

variada índole, entre os que intuimos algúns amorosos e outros políticos.

Nalgúns poemas hai lúcidas matinacións sobre a grandeza e valentía dos humanos (*poñendo a proba o corazón dos homes*) que se botaron a navegar o mar nun tempo primixenio (*Quen erguería o pano como vela / por conseguir a amizade dos ventos?*), sobre a dureza dun labor tan perigoso como épico e sobre os tabús (*saberás que a bordo hai palabras / prohibidas*) e costumes consuetudinarios que rexen a vida a bordo, marcada por monotonías (*pasan as horas lentas... neste Mar as horas non discorren...*) e morriñas fondas, compasadas con embarres, lances e traballo arreo (*corpos traballados na salseira... corpos fadigados / de durísimas horas...*). Aínda que moito teñan mudado para ben algunhas condicións de vida e faena e xa non haxa *fogoneiros / nin marmitóns descalzos*, sinala o poeta, *as horas de noite / son as mesmas / e a canseira e os sonhos*.



ATLÁNTICO, ATLÁNTICO

Xesús Franco

Colección Tambo, nº 21
Deputación Provincial de Pontevedra,
2004

Mariño mercante, xerente editorial, guionista de cómic e novelista de xénero negro (co pseudónimo de 'Joaquim Fariña'), Xesús Franco (Vigo, 1943) gañou en 1995 o Premio 'Martin Codax' por un poemario intitulado *Contra mar*, que viu lume na Colección 'Dombate' de Galaxia (nº 27) e que mesturaba sabiamente sentimentos de fascinación e desmitificadora xenreira cara a esa realidade multiforme que chamamos Mar.

Agora volve ao plano público co poemario *Atlántico, Atlántico*, conxunto de vinteseis textos de fasquía formalmente moi variada e diversos xogos intertextuais (García Lorca, Ferreira do Castro, *Libro das invasións* irlandés....) que constitúen, en conxunto, unha persoal carta de navegación polos mares do amor á procura da muller *debuxada e intuída*, unha

peculiar crónica de *unha vida / escrita en poucas liñas / que nace e morre no Atlántico*. É a obra, en definitiva, *de quen fixo / da aventura o mar / e do mar a vida*.

Recreando ao longo do libro a vella sentenza que se aplica ao *modus amandi* mariñeiro (... 'en cada porto unha muller' ...), Xesús Franco estrutura o seu poemario (*unha crónica de amor e de illas*) arredor de sete eixos, en cada un dos que enlaza cadansúa lenda, cadansúa illa e cadanseu namoro, real ou ficticio: unha lenda viquinga para falar das Feroes e da amante Astrid, de *corpo albeiro e transparente*; outra de Ith como poboador de Irlanda para cantar o amor de Sarah; unha terceira lenda sobre a portuguesa illa de Madeira para ubicar a paixón de fin de ano por Graça; unha cuarta sobre Saba, illa-refuxio de piratas e filibusteiros nas Antillas, paseada da man de Mariken; unha quinta relativa á illa de Manhattan, escenario do amor por Vivien; unha sexta lenda de orixe guanche, para cantar o sentimento da muller Gara na illa da Gomera, e, finalmente, unha lenda sobre a bretona Quessant, para render tributo sentimental a Gwenaél.

No final, *de volta da mar alta*, o eu poético senta no peirao a aviver lembranzas e a sentir a chamada desas sete mulleres atlánticas que perdeu *por seguir avante*. Poemario de amor e de nostalgia, pois, envolto no sabor das lendas e illas do noso Océano.



Sino de proa



MAR DE LIRA

Francisco Fernández
Naval

Eds. A Nosa Terra, 2005

Aínda que natural de Ourense (1956), 'Chisco' Fernández Naval é ben coñecido entre a xente máis directamente implicada na conservación, investigación e divulgación da cultura marítima polo seu papel de activista na Asociación 'A Canle' de Lira (Carnota) e polo seu traballo de divulgación sobre a presenza da pesca na nosa literatura ou sobre a importancia das 'crebas' na economía dalgunhas comunidades mariñeiras galegas.

Este prolífico autor de libros narrativos (*O bosque das antas; Tempo de crepúsculo; Historias roubadas; Sete noites e un amencer; Sombras no labirinto; Unha cita co aire...*), de guías xeográficas e monumentais (*Unha viaxe á procura do solpor. Do Tambre á Fin da Terra; A Coruña monumental e artística...*), de ensaios sobre a figura do autor arxentino Julio Cortázar (*Respirar polo idioma*) e de volumes dirixidos ao público infanto-xuvenil (*Suso*



Espada; Lendas de onte, soños de mañá; No corazón da fraga...) retomou en 2005 a súa traxectoria poética, composta polos volumes *A fonte abagañada* (1980), *Pabellón habitado* (1987), *Ara Solis* (1996) e *Días de cera* (1999), dando ao prelo *Mar de Lira*.

O volume, de edición magnífica, conta con fotografías de Maribel Longueira e consta de corenta e sete textos poéticos de fasquía moi diversa, algúns mesmo minimalistas, precedidos dun 'Limiar'.

Tematicamente, é posíbel enxergar no conxunto varias vetas.

A primeira delas ten a ver coa dimensión comunal e identitaria de Lira e tradúcese na denuncia do seu devalar demográfico (*En Lira hai pouca xente, / menos xente que antes e logo haberá menos...*) e na nostalxia ou simples relato doutros tempos, amiúde de mellor pesca e navegación ("Xente singular en asonancia libre", "Complicidade", "Sombra", "Lembranza", "Ecoloxía", "Veloquio"...). Tamén se fai evocación do

mitin que dou alí Castelao durante a República ("Álbum de fotos") e reconstrúense as estirpes mariñeiras precedentes, co bisavó que *rompeu escumas en quilla de xeiteira*, o avó que *navegou sen confín ata as fronteiras de xeo*, o pai que andou ao congro con *palanques, trasmallos e betas / trallas de corazón / coas que burlar as ondas...* ("Estirpe de Homemar") e os que desapareceron no mar ("Canle").

O noso poeta fai tamén brinde en honra dese espazo de lecer, descanso, conversa e cantiga, entre grolo e grolo, que é a taberna 'Pedra Pas'; retrata o perigoso faenar entre o neboeiro, *fantasmas alterando o GPS* ("Borraxeira"); homenaxea, con cita de Baudelaire incluída, aos homes libres como o mariñeiro Bernaldo, que levan un *remuíño de argazos* no sangue e sempre amarán o mar; e, finalmente, constata a presenza de mariñeiros de Lira polos mares todos do mundo, a navegaren coa morriña sempre ao lombo ("Homesickness").

Outra veta deste poemario canta as lendas ("Home mariño", Estirpe de Homemar", "Fonte Vella"...) e as paisaxes deste porto mariñeiro do indómito territorio carnotán, no cabo do mundo, que *recende a salga vella*, que garda innúmeros segredos e que se constitúe en *lameiro, leira de navegar, eira de barcas, / ribeira de baleas derramadas, carreiro e chaira*. Versos que falan de illas, de petóns feros, do balbordo constante *de areas e de crebas*, das aves migratorias, da rampla *onde durmen as quillas*, dos faros como bolboretas de luz...

E hai aínda unha terceira veta no libro que xunta poemas intimistas, amorosos e existenciais ("Soñei que regresaba", "Primeiro amor", "Agarimo", "Ai, amor", "Espiral", "Chamada", "Costeira", "Balada", "Dor", "Patria ou Nocturno"...), de delicado lirismo e lograda forza expresiva.



Foto: Maribel Longueira

